

Reducir a contaminación

En 2007 máis da metade da poboación española respiraba un aire con niveis de contaminación superiores aos permitidos pola lei.

A lexislación obriga ás Comunidades Autónomas a poren en marcha planos de acción para estabilizar os niveis de contaminación por debaixo dos límites legais. Porén, a maioría das cidades segue sen tomar medidas efectivas, o que ten unhas consecuencias moi negativas sobre a nosa saúde.

Tendo en conta que o transporte privado é a principal fonte de contaminación, estes planos de actuación deberán ir encamiñados a:

- ▶ Favorecer un modelo de desenvolvemento e de ordenamento territorial que reduza as necesidades de mobilidade.
- ▶ Reverter os investimentos dedicados ao transporte por estrada a un transporte público de calidade que disuada do uso do automóbil.
- ▶ Nas cidades, favorecer os desprazamentos a pé e en bicicleta.
- ▶ Redución do tráfico aéreo, xa que os aeroportos grandes son importantes focos de contaminación do aire.
- ▶ Non autorizar a construción de instalacións industriais que empeoren a contaminación do aire, tais como centrais térmicas e cimenteiras. Obrigar á instalación das tecnoloxías máis limpas ás instalacións existentes.



www.ecologistasenaccion.org

Andalucía: Parque San Jerónimo, s/n, 41015 Sevilla Tel./Fax: 954903984
andalucia@ecologistasenaccion.org

Aragón: C/ Cantín y Gamboa 26, 50002 Zaragoza Tel./Fax: 976398457
aragon@ecologistasenaccion.org

Asturias: C/ San Ignacio 8 bajo, 33205 Xixón Tel: 985337618
asturias@ecologistasenaccion.org

Canarias: Paseo de Chil 13, 35014 Las Palmas de Gran Canaria Tel: 928362233 -
922315475 canarias@ecologistasenaccion.org

Cantabria: Apartado nº 2, 39080 Santander Tel: 942240217
cantabria@ecologistasenaccion.org

Castilla y León: Apartado nº 533, 47080 Valladolid Tel: 983210970
castillayleon@ecologistasenaccion.org

Castilla-La Mancha: Apartado nº 322, 19080 Guadalajara Tel: 659155339
castillalamancha@ecologistasenaccion.org

Catalunya: Can Basté - Passeig. Fabra i Puig 274, 08031 Barcelona
catalunya@ecologistesenaccio.org

Ceuta: C/ Isabel Cabral nº 2, ático, 51001 Ceuta ceuta@ecologistasenaccion.org

Comunidad de Madrid: C/ Marqués de Leganés 12, 28004 Madrid
Tel: 915312389 Fax: 915312611 comunidaddemadrid@ecologistasenaccion.org

Euskal Herria: C/ Pelota 5, 48005 Bilbao Tel: 944790119
euskalherria@ekologistakmarxan.org

Extremadura: C/ Vicente Navarro del Castillo bl.A ptal 14, 06800 Mérida
Tel: 609681976 extremadura@ecologistasenaccion.org

La Rioja: C/ Carnicerías 2, 1º, 26001 Logroño Tel./Fax 941245114
larioja@ecologistasenaccion.org

Melilla: C/ Colombia 17, 52002 Melilla Tel: 630198380
melilla@ecologistasenaccion.org


Navarra: C/ San Marcial 25, 31500 Tudela
Tel: 626679191 navarra@ecologistasenaccion.org

País Valencià: C/ Tabarca 12 entresol,
03012 Alacant Tel: 965255270
paisvalencia@ecologistesenaccio.org

Región Murciana: C/ José García
Martínez 2, 30005 Murcia Tel: 968281532 -
629850658 murcia@ecologistasenaccion.org

Máis información:

airelimpio@ecologistasenaccion.org
www.ecologistasenaccion.org



Saúde e calidade do aire

ECOLOGISTAS
en acción

Subvencionado por:





Calidade do aire

A deterioración da calidade do aire nas nosas cidades e municipios converteuse nunha seria ameaza para a saúde. A maioría da poboación española sofre durante todo o ano elevados niveis de contaminación, con episodios especialmente graves tanto en inverno, pola persistencia dos anticiclóns que manteñen estable a atmosfera dificultando a dispersión dos contaminantes, como en verán, debido á forte presenza de ozono troposférico.



A utilización masiva e crecente do transporte motorizado é a principal causa da mala calidade do aire que respiramos. Nalgúns lugares, tamén teñen una influencia importante outras fontes contaminantes (centrais térmicas, industria...).

Contaminación e saúde


Desde hai anos, numerosos estudos están demostrando a relación da contaminación coa aparición e agravamento de alerxias, enfermidades respiratorias, doenzas vasculares e cáncers.

- ▶ Segundo o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, no Estado español prodúcese anualmente 16.000 mortes prematuras a causa da contaminación atmosférica, cinco veces máis que os mortos en accidentes de tráfico.
- ▶ Varios estudos demostraron que existe unha relación entre o nivel de dióxido de nitróxeno e a tos e conxestión



nasal en nenos, alén de aumentar as dificultades respiratorias.

- ▶ O estudo APHEA e outros sinalan que os altos niveis de ozono troposférico que se rexistran en Europa durante o verán producen aumentos na mortalidade por problemas vasculares, así como máis ingresos hospitalarios das persoas afectadas por asma.
- ▶ As últimas directrices de calidade do aire da OMS indican que mesmo niveis de contaminación relativamente baixos teñen efectos notables na saúde.



A poboación máis afectada adoita ser a máis indefensa, nenos, maiores e persoas con enfermidades respiratorias e cardíacas. Os efectos da contaminación seguen unha distribución con forma de pirámide, moita xente sofre efectos leves e os danos máis graves danse en menos persoas.



Un recente estudo de APHEIS, en 26 cidades europeas, estimou que unha redución da concentración de $PM_{2.5}$ a niveis de $10 \mu\text{g}/\text{m}^3$ podería evitar anualmente arredor de 22.000 mortes prematuras, ademais de incrementar a esperanza de vida entre un mes e máis de dous anos. Tamén calcularon que unha redución de $3,5 \mu\text{g}/\text{m}^3$ na concentración actual de $PM_{2.5}$ podería evitar máis de 600 mortes prematuras ao ano na cidade de Madrid, o que demostra que mesmo pequenas reducións nos niveis de contaminación teñen efectos positivos inmediatos na saúde pública.

Segundo o programa Europeo CAFE (Clean Air for Europe), os custos económicos debidos á mala calidade do aire son moi superiores ao que custaría pór en marcha medidas para mellorar a situación. No ano 2000 os custos da contaminación supuxeron nada menos que entre o 3 e o 9% do PIB da Europa dos 25..

Contaminantes e efectos na saúde

Contaminante	Fonte	Efectos sobre a saúde
Partículas (PM_{10})	Transporte motorizado, combustión de carbón e fuel, calefaccións.	Asociado con moi diversos síntomas respiratorios. A exposición a longo prazo asóciase a un aumento na mortalidade por enfermidades cardíacas e pulmonares.
Dióxido de Nitróxeno (NO_2)	Transporte motorizado.	Pode aumentar a susceptibilidade a infeccións e incrementar as posibilidades de ataques de asma.
Ozono (O_3)	Contaminante secundario producido a partir dos óxidos de nitróxeno e outros compostos.	Irrita os ollos e vías respiratorias. Aumenta a susceptibilidade a infeccións. Son especialmente sensibles os alérxicos, asmáticos e outros enfermos con discapacidade respiratoria.
Compostos orgánicos volátiles (COV)	Evaporación de disolventes, distribución da gasolina e escapes de vehículos.	O benceno é o máis estudado (presente na gasolina entre un 3 e 5%), é un axente cancerxeno que causa leucemia.
Dióxido de xofre (SO_2)	A combustión de carbón, os vehículos diesel e calefaccións.	Asociado a doenzas respiratorias (bronquite crónica) e cardiovasculares. Pode aumentar as posibilidades dun ataque de asma.
Monóxido de carbono (CO)	Dos motores de gasolina	É letal en altas concentracións. En baixa proporción pode afectar a capacidade de concentración e as pautas de comportamento.